




MU
LLE
RES





MU LLE RES



Ás nosas nais, avoas, amigas e compañeiras da vida.

MULLERES DE VIVEIRO

Brisa de frescura no Cantábrico.
Leda, garimosa e divertida.
De natureza infinita e incomparable,
montes bravos e praias de area
fina. Con historia e tradicións
centenarias , perpetuadas no tempo
e no espazo, protexidas polas súas
murallas empedradas, apertada e
defendida, polas súas xentes
humildes, sinxelas.

Así é a nai vila de Viveiro que rende
homenaxe ás mulleres relevantes e
ás populares...pola súa valía.
E adícalles rúas, monumentos,
paisaxes, edificios e prazas que vos
mostraremos a través desta guía.

Elas son o noso máis prezado
tesouro porque dan vida á vida, e
día a día, sentido, valor e gallardía
ás labores cotidiás e ás que
requiren formación creativa.

Invitámoslles a percorrer o noso
Viveiro e coñecer as **Mulleres de
Viveiro**.

**¡Vaia o noso recoñecemento, a
todas elas e as moitas que
faltarían!**

Mariña Gueimunde



MU LLE RES



**MU
LLE
RES**

MULLERES DE VIVEIRO

**“Hai unha muller ó comezo de
tódalas grandes cousas”
(A. de Lamartine).**

A historia escríbese en feminino. Estes son os nomes femininos con vínculo a Viveiro, tanto por nacemento coma familiaridade. Algunhas das nosas rúas teñen nome de muller dende hai anos, o que fai a este pobo pioneiro na loá de mulleres na historia. Cómpre debuxar os exemplos de casos reais e referencias rompedoras.

Na ensinanza temos o caso de **María Sarmiento Ribadeneira**, a “latina galega” a primeira en montar unha escola en Galicia sen sustento da igrexa, existente dende 1597 ata 1840. Tamén **Margarita Pardo de Cela**, que testou para facer unha Cátedra de Artes Liberais (Filosofía) no Convento de Santo Domingo activa dende 1696 ata 1835. A **María de las Alas Pumariño** fundadora do Convento das Concepcionistas no 1601. A **Rita Lago Robles** dona os seus bens para fundar en 1915 na súa casa petrucial, a escola e comedor do Colexio da Inmaculada (Cristo Rey), hoxe aínda latente. Ou **Antonia Trobo Rodríguez** creando un centro bastante completo na Abelleira de Galdo en 1921.

MU
LLE
RES



MULLERES DE VIVEIRO

Nas letras destaca no XIX **Camelia Cociña**, poetisa membra de varias academias como a malacitana, igualadina ou mont-real de Toulouse, Cantando á vida temos a **Luz Pozo Garza**, poeta insigne, integrante da Real Academia Galega. Nos arquivos e bibliotecas a **María Tobío**.

Nas Artes, a surrealista, xenial e internacional María Gómez González, **Maruja Mallo**. Ou **Julia Minguillón** de quen se sospeita está soterrada aquí, onde pasou longas estancias, quizais a nosa natureza e estampas costumistas servíronlle como fonte de inspiración. No teatro afeccionado e política galeguista, **Teresa e Micaela Chao Maciñeira**, caras visibles das Irmandades da Fala femininas, casadas ambas cos Vilar Ponte.

Na ciencia destaca a primeira muller en facer o bacharelato, ademáis de ser a número un en licenciarse en Galicia, na Facultade de Farmacia, **Manuela Barreiro**. E como non a matrona de Celeiro, **Dolores Salgueiro**, a “Chitona”, que tantas almas axudou a traer.

Ata temos unha viaxeira peregrina a Terra Santa. Rematou sendo beata, o destapar o seu cadaleito e atopar o corpo incorrupto ó que se lle atribuíron milagres, foi **Constanza de Castro y Ossorio**.

MU
LLE
RES



MULLERES DE VIVEIRO

Tamén mulleres con peso económico, na sombra das grandes empresas galegas coma **María Puentes Bujados**.

Outro exemplo máis cercano no tempo é o de **Rolindes Baño**, que embarcou coma mariñeira rompendo esquemas.

Non nos esquezamos das miles de anónimas que contribuíron a construír a sociedade co seu esforzo. As mestras das escolas, mineiras da Silvarosa, as do Campo agro-gandeiro, as do mundo do mar, (peixeiras e conserveiras), as mulleres do téxtil (do liño, la ou coiro), as emigrantes de ultramar, as da gastronomía (panadeiras, pasteiras e cociñeiras). E un longa corda de mesteres.

Na actualidade coñecemos tamén veciñas de éxito nas súas áreas, que loitan e traballan por facer un mundo máis libre, igual e mellor.

Adicado a todas elas, **As Mulleres de Viveiro**, de valor único. Creadoras dunha comunidade ou capital humán que se asentada nas beiras do Landro durante máis de dous milenios. *Elas son as nais, avoas, compañeiras e amigas, elas dan e son a vida.*

Antonio Lage-Seara

MU
LLE
RES





**MU
LLE
RES**



MU
LLE
RES

Sen mulleres non hai Viveiro

Con motivo da espléndida publicación de Mulleres en Igualdade de VIVEIRO, sobre as súas mulleres, as relevantes, as populares, pola súa valía...quero facer unha reflexión sobre a necesidade de seguir traballando sin dar un paso atrás, na loita pola Igualdade Real. Foron e son moitas as mulleres que fixeron e fan posible O Viveiro de hoxe, xa que a nosa historia é unha historia de mulleres; mulleres que apostaron por ver crecer a Galicia; mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e nos ensinaron a todos e a todas o valor da nosa terra. As mulleres de hoxe, aprendimos dos consellos e da sabiduría das nosas avoas, das nosas nais, por eso hoxe as mulleres afrontamos o presente e o futuro con valor e determinación, seguras de nos mesmas

Esta publicación é recordo e un recoñecemento ao legado da coraxe, sabedoría e independencia que nos entregaron as nosas pioneiras e, temos a responsabilidade de transmitir esta herdanza ás novas xeracións de homes e mulleres. As herdeiras deste valor e da paixón, son todas as mulleres que dende as distintas esferas públicas traballan día a día para defender os seus dereitos.

A Vila de Viveiro, o Concello é máis grande grazas as súas mulleres: mulleres traballadoras, mulleres profesionais, mulleres imparables, mulleres sen medo a nada nin ningún, mulleres que deron e dan o paso na investigación, na industria, na tecnoloxía, no emprendemento, na sanidade, nas ciencias, na universidade, na innovación, no mar, no rural, nas artes, na cultura, na comunicación, no medio ambiente,...

Innovación, do latín “innovatio”, crear algo novo. Porque as mulleres temos o poder de crear, de transformar, de cambiar o mundo que nos rodea. Ao longo da historia, foron moitas as mulleres que, dende diferentes disciplinas, crearon algo novo, sendo visionarias, sendo referentes... Aínda que a maioría delas non tiveron no seu momento todo o protagonismo que deberan, o seu carácter innovador, impúxose fronte ós obstáculos, superando as diferencias de acceso á formación, ao mercado laboral, superando á invisibilidade.

Talento, capacidade para entender e desempeñar algo. Porque son moitas as mulleres que amosan a súa valiosa pegada na sociedade. O desigual acceso das mulleres a unha formación non foi impedimento para que moitas destacaran polas súas habilidades, polo seu liderado ou polo seu enxeño. O talento non é algo sinxelo de agochar e ten múltiples vertentes. Abrangue dende a destreza innata para as ciencias, a arte ou a cultura ata a creación de novos proxectos.



**MU
LLE
RES**

Futuro, aquilo que está por vir. Porque as mulleres somos conscientes da importancia de avanzar no mundo creando conciencia colectiva e cambios na estrutura social. As mulleres, coñecedoras e conscientes da importancia de avanzar nun mundo que muda a velocidades vertixinosas representan, sen dúbida, un papel fundamental no cambio. arriscan cada día por construír un presente máis libre, tolerante, ecolóxico e enfocado á Diversidade.

As mulleres de hoxe, temos que ser quen de seguir acadando éxitos, conquistando espazos e chegando a todas as esferas.

Debemos alegrarnos polos pasos dados na dirección de cimentar unha sociedade galega máis equitativa, máis cohesiva e máis competente. Unha sociedade que é capaz de vivir con máis igualdade as diferenzas que existen entre as persoas que a integran, as cales nos axudan a ver e comprender os matices que nos enriquecen e que, polo tanto, nos dan a oportunidade de crecer no noso desenvolvemento persoal e colectivo. Pero, debemos mirar ao futuro e reflexionar sobre os retos e as metas que aínda nos quedan por abordar. Porque o futuro pertence a quen cre nos seus soños.

Acadar éxitos, conquistar espazos e ser precursoras do futuro.

Grazas a todas por ser a forza transformadora e de cambio máis importante da sociedade. Felicidades a todas as mulleres: ás de hoxe, ás de onte e ás de mañá; ás destacadas, as que non o foron, pero o son; ás que alcanzaron nas súas vidas boa parte de canto queren e ás que aínda non o conseguiron.

Hoxe podemos sentir satisfacción polo conseguido, pero ante todo, debemos de reafirmar os compromisos de futuro. Estamos a fortalecer a consecución da igualdade real, que é un dos trazos máis distintivos dunha sociedade avanzada, moderna e aberta. Facémolo con paso enérxico. Facémolo acompañadas por todos os homes que perseguen este mesmo obxectivo.

Susana López Abella
Secretaria Xeral de Igualdade

MARUJA MALLO



Ana María Gómez González. Viveiro, Lugo, 5 de xaneiro de 1902, Madrid, 6 de febreiro de 1995. Foi unha pintora surrealista española. Artista de vangarda, da xeración do 1927.

Viaxou por Europa e América, cun recoñecemento amplo. Coñeceu e fixo amizade con figuras coma Dalí, Lorca, Buñuel, Alberti, Breton, Picasso, Ortega y Gasset, Neruda...

A nivel plástico a súa obra é considerada das mellores do movemento. A nivel de transgresión foi unha figura importante para a defensa da muller, pertencendo ó que se chamaría “Las sin sombrero”.

Medalla de Ouro ó mérito nas Belas Artes (1982). Premio de Artes Plásticas de Madrid (1990). Medalla de Ouro da Comunidade de Madrid (1991). Medalla de Galicia.

Viveiro adicoulle a rúa que sube dende Constanza de Castro a Nicolás Cora.



LUZ POZO GARZA

Luz Pozo Garza.

Ribadeo, 21 de xullo de 1922, A Coruña, 20 de abril de 2020. Poetisa española, membra da Real Academia Galega.



Comezou a estudar en Ribadeo co pintor Prieto Coussent, ou aleccionada por Dionisio Gamallo Fierros.

Durante a Guerra Civil irá con 14 anos a vivir coa familia ata Lugo e a Larache (Marrocos). Voltando a Galicia, primeiro a Viveiro, para logo establecerse en Vigo e A Coruña. Estudou Maxisterio e Filoloxía Románica, ademais de música. Exerceu a docencia en ensino medio.


Autora de poemarios e ensaios dende 1952 ata o finamento coma: *O paxaro na boca, Verbas derradeiras, Concerto de outono, Códice Calixtino, Prometo a flor de loto, Medea en Corinto, As arpas de Iwerddon, Galicia ferida, Diálogos con Rosalía, Tres poetas medievais da ría de Vigo...*

A Escola de Idiomas de Viveiro, leva os eu nome.



MARÍA SARMIENTO

María Sarmiento de Ribadeneira.
1529-1563. Señora do Coto de
Malados (San Martín de Cerdido).
Casou co Capitán Xeral de Filipinas
Gómez Pérez das Mariñas.



Coñecida como a “Latina galega”.
Foi a fundadora do “*Colegio Insigne
de la Natividad*”, a primeira institución
educativa de Galicia independente da
igreja, un centro de gramática e
referencia cultural. No seu testamento
deixou constancia de fundar dita
institución coa venda dos seus bens,
mercando as propiedades ó lado da
Ponte que foran de Pardo de Cela
para facer a escola .Esta funcionou
dende 1597 ata 1840. Case 250 anos
na historia de Viveiro, pasaron polas
súas aulas os máis insignes alumnos
e docentes.

Na actualidade a rúa que vai da porta
de Carlos V á praza leva o seu nome.
Emprazábase a institución na mesma
ubicación, nunha casa vermella hoxe
reedificada, onde podemos ver o seu
escudo de armas. Tamén nomea
unha entidade de ensinanza local,
o *I.E.S María Sarmiento*.



MANUELA BARREIRO



Manuela Antonia Barreiro Pico.

Viveiro, 5 de xuño de 1877, Madrid, 29 de xaneiro de 1953.

Foi a primeira licenciada en Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela en 1901.

Asimesmo foi a primeira muller en facer o bacharelato en Galicia, foi cara 1895 e coa cualificación de Sobresaínte.

Os orixes familiares son de Ribadeo pero nacerá en Viviero polo traballo do seu pai, o pedagogo Facundo Barreiro Arias. Era neta do escritor e mestre Justo Pico de Coaña.

Loitadora polos dereitos da muller na libre elección de oficio e estudos. Sábese que mandou un escrito ó ministro de Instrución Pública e Belas Artes, defendendo adicarse ó traballo científico no que di: *“para el ejercicio de una profesión que siempre creyó propia a su sexo y en la que pretende hallar ocupación útil para sí y para la sociedad”*.

Terá Farmacia dende 1901 ata 1933 na rúa Rodriguez Murias de Ribadeo, onde hai un recordo de Sargadelos. Una rúa leva o seu nome nesta localidade.



JULIA MINGUILLÓN



Julia Minguillón Iglesias.

Lugo, 17 de xullo de 1906 , Madrid, 22 de agosto de 1965. Foi unha pintora española. Cun estilo realista e figurativo. Viviu en Lourenzá xa que o seu pai era o farmacéutico Familiar a Viveiro por casamento con Francisco Leal Insua. Aquí pasou longas estadias estivais e dise que é onde repousan as suas cinzas.


Estudou na Academia de Belas Artes de San Fernando, cunha beca da deputación.

Expuxo no *Concurso Nacional de Retratos* de 1933, 34 e 41 co que conseguiu Medalla de Ouro coa súa obra *Escuela de Doloriñas*, por entón a única muller en acadalo. Tamén *Premio do Círculo de Belas Artes de Madrid* (1948).

Na súa obra os principais motivos son a paisaxe, natureza, relixión, retratos e esceas. Deixou un amplo legado artísitco que viaxou polo mundo. Na actualidade o Museo Provincial de Lugo tenlle adicada unha sala propia.



CONSTANZA DE CASTRO



Constanza de Castro y Ossorio.

Nada no derradeiro terzo do século XV, e finada cara 1491.

Señora do Coto de Silán (Muras).

Casou con Ruiz Díaz de Andrade.

Foi unha Nobre, Beata e viaxeira relixiosa galega. Sábese que realizou peregrinacións a Terra Santa, Xerusalén, traendo consigo o *Lignum Crucis* depositado en Valdeflores. A súa volta morreu e soterrárona con hábitos franciscanos na capela da Vera Cruz.

Despois dun século, no 1611 deciden trasladar os seus restos. Coa apertura do sarcófago atopan o corpo incorrupto, intacto coma se o tempo non pasara. O suceso fai que a xente vaia a ver o cadáver. Falábase milagre, tamén atribúenselle poderes curativos de enfermidades.

Uns anos entón foi beatificada, conmemórase o 14 de xuño. Segue soterra en San Francisco.

A rúa que vai da Praza Maior a Irmáns Vilar Ponte leva o seu nome.




MARÍA DE LAS ALAS

María de la Alas Pumariño.

Foi unha Nobre galega, nada en Viveiro sobre a metade do século XVI, finou un 17 de maio de 1601 .

Filla e neta de Rexedores da Vila (os Pumariño). Casada co Rexedor da Coruña, Diego Pérez Parragués das Mariñas. Sobriña de Valdés y Salas Arcebispo de Sevilla e fundador da Universidade de Oviedo.




Cunha considerable boa posición económica, testa un 4 de Xaneiro de 1601 na Trave en Galdo. Nesta manda edificar un Convento dentro das murallas de Viviero, as *Concepcionistas*, no que dispón entren descendentes da súa sangue, pobres e virtuosas, así coma outras mulleres.

No comezo non se prevía a súa localización na actual, pero os administradores mercan terreos e casas e emprazan a construción onde hoxe a coñecemos. Foi unha gran obra para Viveiro, imponente a nivel histórico e artístico

Hoxe a rúa coñecida popularmente como calexa das monxas leva o seu nome.



MARGARITA PARDO DE CELA



Margarita Pardo de Cela y Montenegro.

Nada no s.XVII, con apelidos moi ligados a Viveiro. Era filla do Capitán e Rexedor Pedro Pardo de Cela e da súa dona Isabel de Cora y Montenegro. Seu irmán Andrés ostentou o mesmo cargo que o pai.

Sábese que testa vía o escribán Diego Rodríguez de Gayoso, un 10 de Outubro de 1695 finando un día despois. Será sepultada no mosteiro de San Francisco co hábito da Terceira Orde.

Neste testamento deixa constancia de fundar unha *Cátedra de Artes Liberais* (Filosofía), impartida no extinto Convento de Santo Domingo. Unha capelanía e co restante un colexio para nenos pobres, para ler, escribir e contar. Para dito sustento aporta bens en Viveiro, Vieiro, Bravos, Bares, Couzadoiro, San Pedro, Miñotos, San Ciprián, Lieiro, Rúa, Xuances, Celeiro, Faro, Sumoas... Patrimonio considerable para a época. A Cátedra existiu ata 1835 co exclaustro, aínda que no 1813 as rendas do legado xa a facían economicamente inviable.

Da nome á rúa que vai da Avd de Cervantes á Praza Maior. Nesta mesma nos números 23 e 21 hai un escudo que representa á familia.



CAMELIA COCIÑA

María de la Purificación Camelia Cociña Rivera.

Tamén de Llansó. Nada en Córdoba en 1847 e finada na década dos 30, Foi unha escritora galega.




Filla do político de Celeiro, Vicente Manuel Cociña e Concepción Rivera. En 1854 con 6 anos regresa a Viveiro onde estudará. Aquí aprenderá a ler e escribir, base da creación literaria. Ten obra poética coma "El Talismán", "Literatura", "Amor de madre" para *La Unión Gallega*, 1883, para a *Asociación Literaria de Gerona* "Epístola", 1887 e "La primera conquista", 1885, "A Galicia" para *Galicia Moderna*, 1888, en 1909 para *La Vida Gallega* "La guerra del Riff" ou dramas coma "Joya de más valía". Así coma diversas publicacións en revistas.

Premiada en certames coma o de Alba de Tormes, Pamplona ou Girona. Socia de honra do Centro Gallego de Buenos Aires, Correspondente da Academia Malacitana e da Real Academia de Córdoba, Socia de mérito do Ateneo Igualadino, ou da Academia de Mont-Real de Toulouse.



ANTONIA TROBO



Antonia Trobo Rodríguez.


Foi unha filántropa da parroquia Galdo. Nada a finais do século XIX.

Herdou unha considerable fortuna dos seus irmáns taxada en 400.000 pts da época, entre as que se atopaban varias inversións coma 166 accións do Banco de España. Con parte destes cartos decidiu fundar en 1921, unha Escola na Abelleira.

O edificio ten unha feitura fermosa en forma de U. Tiña decoracións vexetais, un reloxo central, dúas vivendas para mestres, unha sala sanitaria, dúas partes para nenos e nenas, ou unha biblioteca. Estaba dotada dos medios necesarios para a docencia, como mobiliario e material didáctico. Hoxe a edificación segue impresionando, foi doado á parroquia, na actualidade está ruinoso, catalogado e en mans particulares.



RITA LAGO



Rita Lago Robles Jarel.

Nace en Viveiro un 26 de xaneiro de 1856 e finou un 29 de agosto de 1939. Muller devota e filántropa.

Filla de Manuel Lago Robles e Antonia Jarel. Coñécese pola súa relixiosidade da que deixa constancia en vida.

Fixo doazóns para a virxe das Dores da Terceira Orde. Trátase dun trono dourado procesional, unha diadema de prata ou arranxos ó mantón de manila.

Ingresou no 1915 no convento Concepcionista, facendo voto de pobreza. Donou os seus bens para facer na súa casa un centro educativo e comedor para nenas, tanto de orixe humilde coma acomodado. O 15 de decembro dese mesmo ano iniciábase a actividade da escola. O *Colexio da Inmaculada ,Cristo Rey,* aínda a hoxe con funcións.



TERESA CHAO MACIÑEIRA

Teresa Paulina Modesta Chao Maciñeira.

Nada na Habana o 24 de febreiro de 1893 e finada na Coruña en 1956.



Filla de Juan Chao e Carmen Maciñeira Bouzamajor, emigrantes tabacaleiros en Cuba, con residencia en Susavila (Cariño).

Activista galega ligada ás Irmandades da Fala, pertence a unha coñecida familia oriúnda do Ortegal. Relacionada con Viveiro e Galicia a onde voltou coa familia en xullo de 1925.

Tamén actuou en pezas dramáticas na Sociedad Gallega de Declamación Rosalía de Castro, ou no Conservatorio Nacional de Arte Galega.

De ideoloxía galeguista, xunto á súa irmá Micaela foron pioneiras no movemento feminino. Exerceu como vicesecretaria da Sección Femenina das Irmandades da Coruña.

Casou no 1919 con Ramón Vilar Ponte, nai dos Villar Chao.



MICAELA CHAO MACIÑEIRA

Micaela Chao Maciñeira,
nada en 1892 e finada o 27 de
novembro de 1928 por mor dunha
nefrite.



Filla de Juan Chao e Carmen
Maciñeira Bouzamajor, emigrantes
tabacaleros en Cuba, con residencia
en Susavila (Cariño).

Activista social galega. Era irmá
de Teresa Chao Maciñeira.
Foi unha das fundadoras das
Irmandades, na Sección Feminina,
exercendo como conselleira primeira.
Constituían a mesma preto de 200
mulleres. Traballo que posteriormente
desronla Elvira Bao, coñécelles un
manifesto da muller galega en
resposta a ANME.


Tamén coas Irmandades
fixo diversas actividades como formar
parte dunha delegación en 1917 a
Cataluña.

Afeccionada tamén ó teatro coma súa
irmán Teresa, actuando en pezas do
Conservatorio Nacional do Arte
Gallego.

Casou en Agosto de 1913 con
Antón Vilar Ponte, tendo a Carmen e
Antón.



AS BUJADOS



Dibujo *La Esfera*
de Manuel Bujados (1930).

Puentes Bujados.

Dunha acaudalada familia de comerciantes de Viveiro. Recibiron unha exquisita educación para a época en colexios Suizos.

María Puentes Bujados, naceu en Viveiro en 1912 e morreu en Vigo no 2010 ós 98 anos. Empresaria e filántropa. En 1966 legou ó Museo Provincial de Lugo, unha das coleccións máis importantes. Casou cun fillo de “Antón de Marcos”, Antonio Fernández López (1903-1971), un dos maiores empresarios de Galicia, fundador de: *Pescanova, Frigsa, Antibióticos S.A, Zeltia, Transfersa, Granja de Barreiros, Colegio Fingoy, Caja de Ahorros de Lugo...* Tiveron 12 fillos.

Unha irmá, Luisa Puentes, foi vogal dun clube deportivo feminino, fundado en 1933, o *Ártabro Hockey Club*. Outro deles Antonio era en 1960, Secretario do Goberno Civil de Las Palmas.

Pernas Bujados.

Julia Isabel Pernas Bujados naceu en 1926, e finou en 2014. Foi unha historiadora do arte, restauradora de Patrimonio Nacional, no Museo del Prado. Becada pola Deputación de Lugo en 1941, coma Minguillón ou Mallo. Adicouse á conservación e estudo de obras pictóricas. Solteira, viviu coa súa irmá María del Carmen en Madrid na rúa Ferraz 90, e en estadias na casa petrucial da Praza Maior 9, que alberga dous murais *Galicia e Valencia* do seu tío o Pintor Simbolsita Manuel Bujados.



MARÍA TOBÍO

María dos Anxos Tobío Fernández.

Nada en Viveiro en 1908 e finou en Vitoria o 13 de Febreiro de 2014.



Foto de M. Tobío, culturagalega.org.

Filla do mestre Luis Tobío Campos e da súa dona Mélida Fdz Veiga. Irmá do escritor e diplomático Lois Tobío. Coursou a carreira de Filosofía e Letras, da primeiras e acudir à universidade compostelá.

María foi unha Bibliotecaria e Pedagoga galega. Opositou durante a II República, para Arquivos e Biblotecas traballou no *Centro de Estudios Históricos* ou na *Biblioteca Nacional*. Postos que tivo que abandonar tras a Guerra Civil, fuxindo cara Francia.

Casou en 1931 con Pedro Martul Rey, ambos chegaron a México en 1939, e fundaron un colexio, o *Instituto Hispano-Mexicano Ruíz de Alarcón*.

Regresou a España en 1948, no 1950 solicitou o reingreso no corpo, uníndose ó *Arquivo Xeral de Galicia*, a *Biblioteca da USC* ou ó *Xelmírez*.


Autora do libro autobiográfico: *Anacos da vida dunha muller galega*



CELIA INSUA

María Celia Insua López.

Naceu en Viveiro o 11 de Setembro de 1873 e finou na mesma vila en 1907.



Filla de, Antonio López Ponte e J. Antonio Insua Dorado, ebanista, fotógrafo e xerente dun Teatro coñecido como “Caixón dos Figos”, onde hoxe está o edificio Chipe. Era irmá de José Insua, “Pepe da Mota”. Unha saga de fotógrafos do Landro con traballos en gabinete, postais ou para revistas da emigración como *Eco de Galicia*, *Vivero en Cuba*, *Vida Gallega*.

Celia tivo, marca e nome propio dende 1892 ata 1902. Foi unha das primeiras mulleres galegas en traballar no mundo da imaxe.

Perfecionou a técnica na Coruña, como indican os anuncios da época no xornal “El Viveriense” o “El Eco de Vivero”. Formouse para innovar na fotografía, da man de Emilio Ferreiro Bello.

Outras das compañeiras de profesión serían: Antonia Santos e Filomena Díaz (Mondoñedo), Estrella del Valle Soto (Ribadeo), María Vila (Tui) e Cándida Otero (Vigo).



DOLORES SALGUEIRO



Dolores Salgueiro en Celeiro,
foto familia Míguez.

Dolores Salgueiro Fernandez.

Naceu en 1916, en Celeiro,
Viveiro e finou en 2007.

Coñecida como “Chitona”

Nai de 7 fillos, enviuvou moi
nova ós 45 anos. Traballadora
das fábricas de conserva.

A súa labor perante 60 anos,
foi a de apoiar ás mulleres
nun dos momentos máis
complexos. Sen apenas medios,
exerceu de matrona, axudando
a traer ó mundo a centos
de nenos.

A rúa que conduce á piscina
municipal leva o seu nome,
coma homenaxe a súa labor
sanitaria e humana.



ROLINDES BAÑO

Rolindes Baño Louzao.

Nada en 1935 (Xuances,Xove) e finada ós 86 anos o 31 de Marzo de 2021



Rolindes Baño en Celeiro,
foto familia Fdez Baño.

Criouse nunha familia de tradición agrícola, con terras de seu. Casou no porto Celeiro, con Victor Fernánndez Ladra. Tiveron 2 fillos. O mundo do mar entrou pola porta, e mudou a súa vida, converíndose nunha mariñeira e armadora galega. Pioneira nun mundo maioritariamente masculino, rompeu esquemas faenando durante máis de 3 décadas. Con 73 anos seguía enrolada, traballando a reo e cosendo aparellos.

O barco do que era propietaria leva o seu nome *Rolindes*, así coma un local hostaleiro moi popular na rúa Praia da localidade.

Premiada pola súa traxectoria, en 2007 pola Fundación Iniciativas 21. Tras o seu deceso, a Cosellería de Pesca fixo un recoñecemento oficial a súa traxectoria.



AS MESTRAS



Foto escola de nenas.
Viveiro.

As letras e a educación son base fundamental, para o coñecemento e medra socia. Fan ós pobos máis libres, iguais e mellores.

Neste campo é preciso mencionar o traballo de moitas mulleres en prol da educación. Non só na casa se non fora dela, facendo escola.

Dende os albores do XV son moitas as que loitan por divulgar o coñecemento coma Beatriz Galindo ou Catalina de Bustamente. Pero xa no XIX, e comezos do XX, as pequenas aulas de vilas comezan a ter un rostro feminino para asentar nos nenos a semente da aprendizaxe e a formación.

Moitas mullres exercen o oficio de mestras nacionais ou nas Escolas de *Viveiro y su Comarca* case 30. Tamén en pasantías particulares nas que se aprende a ler, escribir ou números.

Sen o seu papel o avance social sería lento e longo. Grazas a aquelas que deron outra visión, de diversidade e sensibilidade nas aulas. Son varios nomes concretos pero cun obxectivo común, a educación.



MULLERES DO MAR



Fábrica de Caraquí 1976

Nun Viveiro, Celeiro ou Covas mariñeiro de orixe a fin, as mulleres xogaron un papel constante, na relación de simbiose laboral e natural co mar. Unha temática profunda de estudo.

Son infinidade as que traballaron na conserva, tamén na feitura de aparellos, redes e equipamento. Algunhas ata embarcaron. Dende terra abriron moitos camiños para a venda do peixe, as *pescantinas* ou *peixeiras*, Tamén apoiaban nas descargas nas arribadas das campañas. Unha cadea, onde foron a chave para procesar, gardar e distribuir o produto.

Os xornais por este traballo eran baixos ou escasos, sumado ó lombo a carga do campo e a crianza dos nenos. Se cadra maior mérito.

A desenvoltura económica e levar a renda da casa, fixo que se forxaran matriarcados con elas, fortes e loitadoras eran o pilar fundamental da unidade familiar.



MULLERES DO TEXTIL



Muller fiando no liño
no antigo Portomarín.
Foto Concello de Portomarín.
Fonte: portomarínvirtual.es
Dani Míguez.

As profesións do téxtil abranguen varios campos. Sabemos de costumeiras, tecedoras de liño ou la, peles, coiros e curtidos. Así coma de mulleres tamén na venda.

Aquí houbo talleres, fábricas e obradoiros en varias parroquias no que traballaron moitas delas.

Lienzos Vivero, ou o traballo do liño foi sustento na comarca dende séculos atrás. Temos constancia documental do comercio internacional xa no XVI, ata a súa caída, a finais do XVIII, por motivos das taxas de importación/exportación.

Coñecemos tamén téxtiles en Landrove de *Bassol y Cía* ou Durán con actividade dende 1850 a 1864, retomada por José Barro.

En Xunqueira, existiron tamén, os curtidos, chegando a ser a máis grande de Galicia. Hoxe é o museo de Regal. Poida que xa activo entrono ó XVII ou XVIII, pasou polas familias García Dóriga, Donapetry e funcionaron ata 1962.

Industrias do mundo da moda e complementos. Sen esquecer o uso necesario e vital de abrigo e reparación de roupa.



MULLERES DA EMIGRACIÓN



Olga Anastasia Bethencourt Gámez,
veciña de Viveiro emigrada a América.

Coñecemos moitos casos, de mulleres que foron camiño de América ou Europa, sobre todo a partir da metade do século XX. Ían na procura dunha vida mellor, tanto para elas como para os seus. Isto supuxo a emancipación laboral, traer novas ideas rompedoras, ver outras realidades ou desenrolar oficios ata o momento pechados.


Como consecuencia a independencia económica e a poxa polos dereitos. Deixaron pegada nas xeracións posteriores abrindo camiños e portas dun futuro máis próspero.

Un sendeiro de espiñas, que non lles foi doado.





MULLERES DO CAMPO



A labranza e a gandería ,
son eixe primario e
ancestral para a sociedade.
Sen eles o mundo que
coñecemos non sería
posible.

Nas nosas vilas e aldeas,
no noso campo o papel da
muller é fundamental, tanto
para a sega, prantado ou
recollido de alimentos, así
como o coidado de animais.

Froitos, millo, matanzas e
unha longa lista de traballos
nos que participaron como
protagonistas de forma
activa.


Nunha ampla maioría dos
casos como forma de
subsistencia, sen recibir
salario, nin recoñecemento
o que fai aínda maior a
louvanza a todas elas.





MULLERES DA MINA

Un oficio descoñecido é que moitas mulleres formaron parte da antiga mina da Silvarosa e Choupin.



A sociedade “The Viveiro Iron Ore Company” foi fundada no 1893, pendindo a concesión de extracción, Kreizner e Massenez.

No comezo dirixiuna o enxeñeiro alemán Frederic Staaden e despois Cloos , ata 1914 inicio da II Guerra Mundial. Logo da pausa mercounas Horacio Echevarrieta. Finalmente pasará a mans do Instituto Nacional de Industria no 1951

“La mina tiene nombre de mujer”. ata o peche en 1966.

Inés Praga Terente,
www.hyperbole.es

Nas minas da Silvarosa. traballaron a reo moitas mozas, tanto na administación, picado ou limpeza de material e na extracción do ferro.

Un duro traballo da muller neste campo , do que pouco se coñece, que si se ten estudado na veciña Asturias.



MULLERES DA GASTRONOMÍA



O mundo das cociña está moi ligado á vida social e natural, pola boca entra a saúde e a enfermidade.


Temos unha rica cultura gastronómica, chea de pratos e produtos da zona que aínda hoxe están nas mesas.

Foron moitísimas, as que tomaron como oficio e profesión a dos fornos e fogóns. Atenderon e serviron nos fogares, casas de comidas, pousadas, festas e feiras. Tamén non esquecer as Panadeiras e Pasteleiras, sagas familiares integradas por mulleres coma *As Golpe*, *As Gabeiras*, *María das Roscas...*

Suaron para traer ás súas familias un salario e sustento.



MU LLE RES




ROTEIRO

MULLERES VIVEIRO

Unha viaxe pola vila a través do Google Maps. Onde te atoparás cos sitios de interese, as rúas de nome feminino, ou lugares con relación ás homenaxeadas.



MU LLE RES



Realización, redacción,
diseño, e maquetación:

Antonio Lage-Seara

Coordinación e dirección:

Mariña Gueimunde González


BIBLIOGRAFÍA E FOTOGRAFÍA

- Wikipedia/Galipedia commons.
- Historia de Viveiro y su Concejo*,
Juan Donapetry, 1953.
- Libro y Guía de Vivero*.
E. Chao Espina 1976.
- Arquivo *Vicente Míguez*.
- Arquivo familia *Vázquez Pozo*.
- Arquivo Gervasio Fernández Baño.
- Álbum de Mulleres de culturagalega.gal.
- www.fotografaspioneiras.com
- Imaxe principal "*Maruja Mallo cubierta de algas*",
1945, Biblioteca Nacional de Chile.
- Imaxe mineiras, "*La mina tiene nombre de mujer*".
Inés Praga Terente en hyperbole.es.
- Imaxe cociñeira: *Cocinas Río*.
- Colaboración e mención especial ó
Cronista Oficial de Viveiro Carlos Nuevo Cal.



**MU
LLE
RES**

MULLERES



MU
LLE
RES